



ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE FEBREIRO DE 2020.

PRESIDENTE ACCIDENTAL:

MANUEL PEREZ RIOLA

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

MAGDALENA PEREZ VILLAR

JESUS ROMERO CARRACELAS

AUSENTES:

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:45 horas do día 26 de febreiro de 2020, réunese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 11.02.2020

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da sesión realizada en data 11.02.2020.

2. ALTA VAO 2019/V008/000001

Acordos adoptados:

1º.- Outorgar a autorización para vao cós seguintes datos:

- Interesado: B.C.N.



- Expediente: 2019/V008/000001
- Tipo de vao: Permanente. Garaxes destinado a vivenda unifamiliar
- Actividade ou uso do local: Aparcadoiro
- Superficie de local (m²): 22,77
- Nº de prazas (vehículos): 1
- Largo da entrada (metros): 2,85
- Ancho do vao na beirarrúa (metros): 2,85
- Rebaixe: Na beirarrúa

2º.- A placa do vao incorporará os seguintes datos:

- Tipo de Vao: Permanente. Garaxe destinado a vivenda unifamiliar
- Ancho do vao na beirarrúa (metros): 2,85

3º.- Cumprirase o condicionado do ANEXO á presente autorización, ordenanza e demais normativa de aplicación.

4º.- Outorgar a autorización para:

- Zona excluída aos vehículos mediante o pintado da calzada na fronte do vao, coincidente coa edificación, cun largo de 2,85 metros.

5º.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos demais negociados, seccións ou servizos correspondentes, para o seu coñecemento e efectos.

3. CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE

Acordos adoptados:

1º) Tomar coñecemento da comunicación de cambio de titularidade da licenza municipal para o exercicio da actividade de casa comunitaria para atención a persoas maiores e enfermas na C/ Crónicas, a favor de M.G.F..

2º) Advertir a persoa interesada que o local, cuxa licenza é obxecto de transmisión, poderá ser obxecto de inspección polos servizos municipais para comprobar se sé manteñen as condicións obxectivas do establecemento, o seu emprazamento e circunstancias urbanísticas, sanitarias, etc., conforme ás cales se concedeu o título obxecto de transmisión.

4. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2020.

Acordos adoptados:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

- Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xaneiro de 2020 que se compón de 56 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5918,67 €.



- Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrancia**, correspondente ó mes de xaneiro de 2020 que se compón de 14 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 542,63 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.

5. APROBACIÓN EXPTE. CONTRATACIÓN DE MODIFICADO 1 DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2017

Acordos adoptados:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o contrato denominado "Modificado núm. 1 de Saneamento en As Pontigas".
2. Autorizar, en contía de 100.000,00 € IVE incluído (Prezo sen IVE 82.644,63 €; IVE 17.355,37 €), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida 160.62900 do presuposto municipal en vigor.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado "Modificado núm. 1 de Saneamento en As Pontigas" por procedemento aberto simplificado.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días naturais desde a súa publicación.

6. APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- APROBAR O ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

7. SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO NA LICENZA MUNICIPAL DE AUTORAXI Nº 16 DE D. S.J.G.P.

Acordos adoptados:

1. Tomar razón do informe favorable de data 08.11.2019 emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestrutura e Vivenda.
2. Autorizar a D. S.J.G.P., titular da licenza municipal de autoturismo nº 16 para cambiar o vehículo marca Citroen, matrícula XXXXXXXX, nº de bastidor XXXXXXXXXXXX, polo vehículo marca Toyota, matrícula XXXXXXXX, nº de bastidor XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX.



3. Expedir unha nova tarxeta de licenza municipal para automóbiles de servizo público referida do novo vehículo.

4. Solicitar ao titular da licenza de autoturismo a devolución da tarxeta de licenza municipal referida ao vehículo en vigor ata a data actual.

5. Dar traslado da presente resolución, a través do portal Rtaxi, ao Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestrutura e Vivenda para o seu coñecemento e efectos oportunos

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 642/2019 DE DATA 23.12.2019 – MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR Nº 233/2007

Con data 23/12/2019 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 642/2019, da cal se da conta á Xunta de Goberno Local:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR Nº 233/2007

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 643/2019 DE DATA 23.12.2019 – LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2019/U007/000002

Con data 23/12/2019 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 643/2019, da cal se da conta á Xunta de Goberno Local:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2019/U007/000002

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 671/2019 DE DATA 31.12.2019 – APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F-2019-46

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 671/2019 de data 31.12.2019, que di:

RESOLUCION: APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2019-46

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 673/2019 DE DATA 31.12.2019 - LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL



Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 673/2019 de data 31.12.2019, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 674/2019 DE DATA 31.12.2019 - LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DE FACTURA DE SOTO ESPECTÁCULOS AS PONTES S.L.

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 674/2019 de data 31.12.2019, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DE FACTURA DE SOTO ESPECTACULOS AS PONTES S.L.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 13/2020 DE DATA 10.01.2020 - MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR Nº 2015/U008/000001

Con data 10/01/2020 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 13/2020, da cal se da conta á Xunta de Goberno Local:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR Nº 2015/U008/000001

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 14/2020 DE DATA 10.01.2020 – LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2019/U007/000004

Con data 10/01/2020 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 14/2020, da cal se da conta á Xunta de Goberno Local:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2019/U007/000004

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 52/2020 DE DATA 05.02.2020 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2020



Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 52/2020 de data 05.02.2020, que di:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O ANO 2020

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 57/2020 DE DATA 07.02.2020 – APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRA NÚM. 3 DO CONTRATO DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DE CEDEIRA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 57/2020 de data 07.02.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRA NÚM. 3 DO CONTRATO DE VESTIARIOS NO CAMPO DE FUTBOL DE CEDEIRA.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 81/2020 DE DATA 14.02.2020 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2020

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 81/2020 de data 14.02.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2020

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 97/2020 DE DATA 20.02.2020 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2020

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 97/2020 de data 20.02.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2020

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



19. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 98/2020 DE DATA 20.02.2020 – SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO NA LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTAXI Nº 5 DE D. R.L.L.

Dase conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 98/2020 de data 20.02.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO NA LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTAXI Nº 5 DE D. R.L.L.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

20. DAR CONTA DA DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 08.01.2020 EN RELACIÓN CO P.O. 197/2018 DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL, VIAQUA SAU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación de data 08.01.2020 en relación co P.O. 197/2018 do Xulgado Contencioso/Administrativo N.1 de Ferrol (rex entrada nº 0070/09.01.2020), Viaqua SAU contra o Concello de Cedeira.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

21. DAR CONTA DA DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 13.01.2020 EN RELACIÓN CO P.O. 149/2018 DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL, M.B.P. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación de data 13.01.2020 en relación co P.O. 149/2018 do Xulgado Contencioso/Administrativo N.1 de Ferrol (rex entrada nº 0126/15.01.2020), M.B.P.contra o Concello de Cedeira, polo que se acordou:

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

22. DAR CONTA DO DECRETO DE DATA 14.02.2020 EN RELACIÓN CO P.A. 156/2019 DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL, VIAQUA SAU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA

Dase conta á Xunta de Goberno Local do Decreto de data 14.02.2020 en relación co P.A. 156/2019 do Xulgado Contencioso/Administrativo N.1 de Ferrol (rex entrada nº 0644/19.02.2020), Viaqua SAU contra o Concello de Cedeira.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

23. ASUNTOS VARIOS

Non hai.



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:15 horas do expresado día.